

De conformidade co disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, substánciase unha consulta pública, por un prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, a través do Portal de Transparencia integrado na páxina web www.lugo.gal, con carácter previo á elaboración do proxecto de modificación da Ordenanza fiscal núm. 152, reguladora das Taxas por aproveitamentos especiais da vía pública.

Durante o expresado trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións que consideren que poidan resultar afectados por esta futura norma, poden facer chegar as súas opinións, indicando o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a buzondeconsultapublica@concellodelugo.org, acerca de:

- a) Dos problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) Da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As alegacións presentadas que cumpran o requisito recibirán acuse de recibo a través da dita dirección de correo electrónico.